



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: ESCENA LÍRICA

Esta materia comprende o estudo e práctica do repertorio lírico-escénico habitual. Se articula en tres cursos diferentes e deberá estar íntimamente ligada coas materias de canto e repertorio, das que se poderán desprender as capacidades vocais e en certo xeito dramáticas do alumnado.

CURSO 1º:

Monólogo de calquera xénero lírico-teatral. Exposición e análise persoal do mesmo. Tres fragmentos (arias de ópera, romanzas d zarzuela, números de conxunto...) entre as cales deberá haber unha en italiano e outra en Alemán.

CURSO 2º:

Todas as obras enunciadas no curso anterior máis unha ópera completa. O alumno ademais de cantalas deberá facer unha exposición e análise persoal das mesmas.

CURSO 3º:

Dúas obras completas do xénero lírico-teatral ou unha ópera completa máis o equivalente en escenas doutra. O alumno ademais de cantalas deberá facer unha exposición e análise persoal das mesmas.

OBXECTIVOS:

- Desenvolver as capacidades de interpretación escénica
- Asimilar o proceso de creación dunha personaxe
- Comprender os principios de acción e conflito dramático
- Perfeccionar o corpo como instrumento actoral
- Desenvolver a capacidade memorística
- Ser capaz de integrarse no grupo como elemento activo
- Coordinar todos os elementos teóricos propios do instrumento no contexto da acción dramática
- Ser capaz de participar como elemento activo no proceso de construción da escenografía, vestuario e utilería



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: ESCENA LÍRICA

CONTIDOS:

- Exercicios de improvisación e posta en escena
- Estudo do personaxe propio e do resto do reparto para unha correcta comprensión das relacións entre personaxes
- Lecturas dramatizadas dos diferentes textos a interpretar, con comentario e análise dos mesmos
- Exercicios memorísticos
- Actividades de integración no grupo
- Exercicios de coordinación dos seguintes elementos: fonética-dicción, vocal-dramático, emisión e estilo

RECURSOS DIDÁCTICOS E MATERIAIS:

- Aula de acordo ás necesidades da materia. Equipo de música, televisión e vídeo, e piano.
- Arquivo de partituras de canto e libros didácticos.
- Material escenográfico, iluminación, vestuario e utilería adecuadas a cada montaxe.
- Dicionarios de fonética.

TEMPORALIZACIÓN:

O horario consta de 1 hora e media semanal, impartida nunha única clase

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A asistencia a clase de escena lírica, é unha condición indispensable para poder participar de forma activa e interrelacionarse cos compañeiros de aula así como para poder profundar na creación dun personaxe e a súa relación co resto. Farase, polo tanto, unha avaliación continua.

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Capacidade de improvisación
- Demostrar unha correcta colocación do corpo ó executar unha serie de movimtraballadaentos básicos relacionados coa interpretación
- Autocontrol: demostrar un grado de dominio no control dos elementos propios do canto dentro do feito escénico.
- Interpretación das esceas correspondentes a cada curso de memoria



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: ESCENA LÍRICA

- demostrar o coñecemento conocimiento do personaxe no contexto da obra traballada durante o curso: participación activa e coresponsable do montaxe escénico-vocal.

Sistema de cualificación.

Valorarase o progreso individual de cada alumno, tomando como referencia a súa situación inicial e o traballo semanal desenvolvido.

Os aspectos a avaliar serán:

- Asistencia a clase.
- Participación activa durante o desenvolvemento das sesións: grado de interese, colaboración e capacidade de improvisación.
- Progresión nos diversos exercicios de clase.
- Integración activa no traballo colectivo.
- Adquisicións dos conceptos teóricos.
- Una posible proba oral, si el profesor lo considera conveniente, en la que el alumno deberá expoñer y analizar el personaxe o personaxes estudiados durante el curso y la relación de los mismos en el contexto de las obras estudiadas.
- Execución de memoria dos personaxes traballados adecuados a cada montaxe específica.

En liñas xerais, o sistema de cualificación será o seguinte:

- O 30% da nota corresponderá á mellora no rendemento e consecución dos obxectivos preestablecidos.
- Un 10% da nota, á parte teórica da materia.
- Un 40% á participación individual, é dicir, á actitude positiva, afán de superación, grao de colaboración, adquisición de hábitos vocais saudables, etc.
- O 20% restante, á asistencia a clase.

Avaliación dos alumnos que pola falta de asistencia ás clases perdan o dereito á avaliación continua segundo rexe o RRI.

Aqueles alumnos que perdan o dereito a avaliación continua, poderán realizar unha avaliación final no mes de xuño, seguindo os criterios expostos máis arriba. Deberán así mesmo aportar un reparto completo da montaxe ou montaxes realizadas durante o curso, así como demostrar un coñecemento das particularidades dos mesmos. Tamén será obrigatoria unha proba oral en la que el alumno deberá expoñer y analizar el personaxe o personaxes estudiados durante el curso y la relación de los mismos en el contexto de las obras estudiadas.

.



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: ESCENA LÍRICA

Exame de setembro.

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño, serán avaliados mediante un exame de carácter teórico-práctico sobre os contidos da programación e seguindo os criterios da avaliación, expostos neste epígrafe, e mediante os instrumentos que se describen na presente programación.
Instrumentos de avaliación.

- A avaliación dos contidos prácticos da materia farase mediante a observación do alumno na execución dos exercicios practicados nas clases, tendo en conta a súa evolución amosada ó longo do curso, ou ben dos exercicios executados nas pertinentes probas explicadas máis arriba para os casos de perda de avaliación continua e os exames de setembro.
- A avaliación da asimilación dos conceptos teóricos farase mediante a realización dunha proba oral.
- El alumno que decida examinarse en Setembro, deberá aportar el resto de cantantes requiridos para el montaje, así como un mínimo de aparato escénico y vestuario.

A avaliación farase mediante a seguintes actividades:

- A. Interpretar de memoria a montaje ou montaxes requiridas, con todos os elementos anteriormente descritos.
- B. Exponer o traballo oral sobre as obras traballadas durante o curso, e contestar ás preguntas relacionadas co mesmo que o profesor ou profesores consideren oportuno.